

1 Líder BASKET



BURELA EXPÁNDESE



Os conxuntos preinfantil e infantil femininos de Liga Galega do Academia A Mariña estarán entre os oito mellores de Galicia das súas respectivas categorías. As de Madar fano como terceiras de Grupo, e as de Nacho Mota e Juanma López tras gañar na última xornada a BBKA, equipo ao que lle remontaron o basketaverage nun partidazo disputado en Vista Alegre



ESTUDIANTES

júnior masculino venceu a Culleredo no Anexo e presentárase na próxima xornada en Santiago para asaltar o segundo posto da Liga Galega nun duelo directo ante Rosalía, que no partido de ida gañou 73-74



DERBI MINIBASKET

O Ría de Ribadeo impúxose no Anexo a Estudiantes nun encontro disputado de poder a poder no primeiro tempo, 26-26, e que desnivelaron os mariños ao seu favor na segunda metade

SEGUNDA JÚNIOR MASCULINA



Ensino remontou en Viveiro e cítase co Ría de Ribadeo na gran final

Os capitalinos remontaron os 17 puntos que tiñan de renda os mariños tralo partido de ida en Lugo. Shadrac e Manuel Durán, con 33 e 30 puntos respectivamente, lideraron a xesta e agora cítanse cos de Sama -que eliminaron a Hierros Ferreiro- co título Provincial en xogo e unha praza na fase de ascenso á Liga Galega júnior masculina

Estudiantes está na loita

O CONXUNTO QUE DIRIXE FERNÁN VARELA sae reforzado das etapas alpinas, nas que logrou cinco vitorias consecutivas, e chega ao sprint final de Liga con opcións de play off



A celeste Carla nun lance do encontro ante dúas rivais

ESTUDIANTES		BOSCO	
	59		42
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Eva		Lorenzo	
Maria		Losada	
Sabela		Alonso	
Yashina		Alvarez	
Marta		González	
Silvia		Rapela	
Claudia		Pérez A.	
Cris		Pérez B.	
Nuria		Sotelo	
Laura		Salgado	
Carla		Carnero	

Estudiantes saíu das etapas alpinas nas que se viu inmerso polos partidos aprazados moi reforzado. Cinco vitorias noutros tantos encontros, varios deles ante rivais directos para volver estar de cheo na loita polos play off a falta de catro xornadas nas que aínda hai moitos postos bailando na Liga Galega júnior feminina.

A acumulación de partido fixo que Estudiantes apenas adestrase, pero as celestes ofreceron un rendemento espectacular. O último ante Bosco Salesianos no Pazo, onde as visitantes suscitaron unha defensa zonal desde os primeiros minutos que tardou

"FRANCAMENTE CONTENTO CON ESTE PARTIDO EN CONCRETO, PERO TAMBIÉN CON LA TRAYECTORIA DEL EQUIPO EN LO QUE LLEVAMOS DE AÑO"

FERNÁN VARELA - Estudiantes

Estudiantes en asimilar e atacar con claridade.

A intensidade defensiva foi clave unha vez máis para roubar e anotar en transicións nun primeiro parcial que terminou cun axustado 12-9 no marcador.

A sensación de que Bosco non podería aguantar o ritmo imposto por Estudiantes confirmouse no segundo cuarto cun parcial de 24-7 que deixou practicamente sentenciado o encontro.

Xa na segunda parte a distancia no marcador ampliábase e reduciase, pero en ningún momento a vitoria para Estudiantes estivo en entredito.

Na próxima xornada Estudiantes xogará un aprazado ante Basket Coruña.



Maria facendo un lanzamento dende a liña de tiro libre



Yashina Lebron a piques de finalizar unha entrada



Nuria coa pelota gañando a liña de fondo no Pazo

ENSINO		CORTEGADA	
	52		48
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Laura		Suárez	
Natalia M.	3	De Angelis	
Eva		Blanco	
Alba	5	Potel	
Carmen		Barcala	
Natalia G.	7	Nieto	
Elena	2	Fernández	
Paula	2	Cahves	
Matea	24	Navarro	
Maite	9	Rios	

O Ensino xogou con lume ante Cortegada, o último clasificado da Liga Galega júnior feminina, que competiu pola vitoria ata os últimos segundos no Anexo.

Ensino gañou e evitou meterse en problemas maiúsculos cando tan só quedan catro xornadas para terminar a Liga regular, unha vez que aínda non se asegurou o terceiro posto da clasificación.

Nos primeiros minutos nada facía presaxiar o desenlace do encontro. Cortegada, cunha soa vitoria esta tempada, parecía o rival ideal para gañar en sensacións e Ensino saltou á pista con esa intención.

A actividade defensiva era boa e con iso chegaron canastras fáciles en rápidas transicións para tomar as primeiras

O colista puxo contra as cordas a todo un Ensino no Anexo

O DURÁN MAQUINARIA MANTENSE NO TERCEIRO POSTO tras impoñerse por catro puntos ante un Cortegada que tan só gañou 1 dos 18 encontros disputados

24

MATEA NIKOLIKJ, a xogadora do Ensino foi a máxima anotadora do encontro e continúa a ser o referente ofensivo do conxunto neste tramo de competición

vantaxes no marcador, o que propiciou rotacións rápidas para que todas as xogadoras estivesen enchufadas.

Con todo, cando parecía que Ensino rompería o marcador ao seu favor, as ganas e a intensidade convertéronse en precipitacións tanto en ataque como en defensa, propiciando que Cortegada se mantivese preto no marcador ata tras impoñerse no segundo parcial, 13-16, para chegar cun axustado

"JUGANDO DE ESTE MODO ANTE EQUIPOS DE LA ZONA ALTA DE LA CLASIFICACIÓN, SUFRIREMOS MUCHÍSIMO"

JUAN NÉCEGA - Ensino

29-24 ao descanso.

Tralo intermedio, a lóxica levaba a pensar que Ensino descolgaría a Cortegada nos primeiros minutos, pero a boa posta en escena tralo descanso foi un espellismo, con tan só uns minutos de bo baloncesto. A partir de aí, as precipitacións e as guerras individuais convertéronse en malas tomas de decisións coas que Cortegada mantívose ata o final a tiro de pedra e con opcións de dar unha das maiores sorpresas da tempada.



Matea coa pelota rodeada de rivais



Natalia G. cara a pintura nunha entrada



Natalia M. a piques de superar a presión



Maite nunha acción de ataque ensinista



Ollóqui colándose entre dous xogadores ferroláns



Antón nunha acción de ataque do conxunto ensinista



Hugo subindo a pelota no inicio dunha xogada

Pasaporte asinado para a Final Four

ENSINO ESTARÁ NA F4 tras impoñerse a Ferrol con máis suspense do agardado e con dúas triplas decisivas de Dani ao final

ENSINO		B. FERROL	
79		74	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Eloy		Vidal	
Mario		Gómez	
Antón Real		Gil	
Cristian		Sánchez	
Hugo Rey		Veiga	
Sergio		Merino	
Jorge		Chao	
Ollóqui		Rey	
Dani López		Aquirre	
Seny		Souto	
Tshunza		Porto	
		Estévez	

O Ensino estará nos Play Off da Liga Galega

"PARTIDO DE MUCHO TRABAJO EN EL QUE SUPIMOS JUGAR COMO EQUIPO"

ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

júnior masculina nos que estará en xogo unha praza para o Campionato de España. Os de Adrián González selaron o pase a falta de catro xornadas tras ascender á máxima categoría esta mesma tempada.

Ferrol presentouse no Anexo exprimindo as súas últimas opcións de meterse entre os cinco primeiros e vendeu cara a derrota. Os departamentais teñen un xogo ofensivo moi singular e Ensino era consciente diso e afrontou con intensidade o partido, asentándose co paso dos minutos no primeiro parcial, 22-15, mentres que no segundo os lucenses sentíronse

superiores e relaxáronse, propiciando que Ferrol se metera de novo no encontro co 17-18 nos segundos dez minutos que deixaba o marcador en 39-33 ao descanso.

A defensa zonal suscitada por Ferrol empezou a xerar problemas para anotar desde dentro para un Ensino que se mantivo en partido grazas ao rebote ofensivo e aos puntos en rápidas transicións, che-

gándose aos últimos dez minutos con tan só tres puntos de vantaxe para os lucenses.

No desenlace Ferrol creceuse e púxose por diante no marcador na recta final do encontro, cunha defensa zonal que bloqueou aos lucenses ata que apareceu Dani López, o francotirador do Ensino para desnivelar o marcador con tres triplas nos momentos máis quentes

do encontro.

Ao final, vitoria traballada para un Ensino que segue escribindo páxinas para a súa historia ao clasificarse por primeira vez para uns Play Off da Liga Galega júnior masculina.

Na próxima xornada os de Adrián González visitan ao líder, Obradoiro Peleiteiro, coa intención de atrasar o alirón compostelán, xa que serán campións invictos si se impoñen.



Antón e Dani celebrando un tripla no tramo final do encontro

Aveciñase o duelo directo polo subcampionato

ESTUDIANTES MÍDESE CON ROSALÍA na próxima xornada en Santiago, co segundo posto e o basketaverage particular en xogo

ESTUDIANTES		CULLEREDO	
84		71	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Carlos		Gil	
Mikel		Gayoso	
Anxo		Cuadrado	
Alvaro		Iglesias	
Dani		Penas	
Cabe		García	
Jorge		Meléndez	
Diego		Nieves	
Lucas		Gómez	
Pedro		Ferro	
Pape		García	
		Martínez	

Estudiantes afinou ante Culleredo a súa posta a punto de cara ao próximo encontro da Liga Galega júnior masculina, no que os de Pablo Abuin mediranse en Santiago a Rosalía nun duelo directo polo segundo posto. Ambos equipos a falta de catro xornadas están empatados a 15 vitorias, tres menos que o líder.

"NECESITAMOS TRABAJAR CON MÁS REGULARIDAD A LO LARGO DE LOS PARTIDOS EN DEFENSA" PABLO ABUÍN - Estudiantes

O subcampionato permite ser cabeza de serie e anfitrión nos play off. O basketaverage particular tamén estará en xogo en Santiago trala vitoria de Rosalía na primeira volta no Anexo por un punto, máis motivos para que unha vitoria de Estudiantes por máis dun punto déixelle practicamente o subcampeonato asegurado.

Ante Culleredo a posta en escena celeste foi moi boa, cunha defensa intensa e buscando e atopando as vantaxes en ataque. Tan só unha dubidosa falta de tres tiros libres no último segundo do primeiro cuarto permi-

tiu a Culleredo maquillar o parcial, 25-15.

O intercambio de canastras cun xogo vistoso por parte dos dous equipos monopolizou o segundo cuarto, 19-20, mentres que tralo descanso Estudiantes rompeu o partido ao seu favor

con vantaxes que chegaron ata os 20 puntos de diferenza.

-1

NO PARTIDO DE IDA Estudiantes necesita unha vitoria de dous ou máis puntos para saír de Santiago practicamente co subcampionato asegurado tralo 73-74 do encontro de ida



Cabe tras capturar un rebote ofensivo entre catro rivais



Mikel no poste baixo durante o encontro ante Culleredo



Pape exhibindo potencial físico en campo rival



Alvaro buscando unha opción de pase ante Abuin

O campión aprobou con nota o seu primeiro exame

VITORIA DE MÉRITO DO ESTUDIANTES nunha pista moi complicada e ante un Peleteiro que se enganhou ao partido pese ás vantaxes que conseguían os celestes

PELETEIRO	ESTUDIANTES
56	59
Xogador	Xogador PTS.
Alvarez	Andrés
Foira	Mikel
Lope	Simón
Zas	Alvaro
Del Río	Dani
Seijo	Oscar
Prieto	Lucas
Rodríguez	Cristian
Riquero	Rafa
Gil	Serguei
Pouso	Brais
Padrón	

Estudiantes exhibiu a súa condición de campión do Grupo Norte no debut dos de Javi Peinó na segunda fase tras medirse a un Peleteiro que vendeu moi cara a derrota nunha das pistas máis complicadas da categoría.

A dureza do partido quedou clara desde o inicio, xa que malia que Estudiantes iniciou o encontro moi ben e cun

"COMPETIMOS BIEN EN UNA PISTA MUY COMPLICADA"

JAVI PEINÓ - Estudiantes

28

PUNTOS DE ÁLVARO o xogador celestes foi un pesadelo para a defensa compostelá ao longo do encontro disputado o pasado sábado pola tarde en Santiago

máis 9 no electrónico.

A igualdade volveu reinar no último parcial, pero de novo Estudiantes demostrou que se desenvolve moi ben en situacións de presión e chegou a ter 11 puntos de vantaxe a falta de cinco minutos.

Esperábase e chegou a reacción de Peleteiro no sprint final, chegando a poñerse a tan só tres puntos, pero Estudiantes xogou con cabeza fría e saíu de Santiago cunha importante vitoria para inaugurar a segunda fase.



Dani celebrando unha canastra no Anexo

San Ciprián tan só se descolgou no sprint final

ARBITRAXE moi caseira para os de Manolo Cobas en Santiago ante Rosalía

ROSALÍA	SAN CIPRIÁN
68	49
Xogador	Xogador PTS.
Rodríguez	Mario
Osoño	Dani
Cerdeira	Miguel
Área	Carlos
Rilo	Antón
Vázquez	Marcos
Basante	Manuel
Paz	Hugo
Moure	
Harris	

"LA DIFERENCIA FINAL QUE INDICA EL MARCADOR ES ENGAÑOSA"

MANOLO COBAS - San Ciprián

San Ciprián superou moitos factores en contra en Santiago de Compostela para chegar con opcións de vitoria ao último cuarto. De feito os de Manolo Cobas, a falta de cinco minutos, estaban a tan só catro puntos dos composteláns, que terminaron impoñéndose cunha excesiva diferenza tras un último parcial de 21-6.

Ata entón o partido estivo marcado pola rigurosidade arbitral, sinalando falta en cada contacto e cargando de persoais a xogadores determinantes nos marfinaos, como Mario, que mediado o segundo cuarto xa tiña catro.

Todo isto engadido ás ausencias de Diego e Manu por lesión, minimizaron as opcións de vitoria de San Ciprián no primeiro encontro da segunda fase, no que pese a todas as adversidades chegaron con vida ao sprint final no que se descolgaron.

O debut de San Ciprián en casa nesta segunda fase farase de rogar xa que na próxima xornada os de Manolo Cobas viaxan a Ferrol nun duelo entre dous equipos que xa se coñecen da primeira fase e que empezaron esta segunda con senllas derrotas

2

AUSENCIAS Manolo Cobas non puido contar con Diego nin Manu, e por carga de faltas Mario estivo moitos minutos no banquillo

Golpe de autoridade do Ensino en Vigo ante Seis do Nadal

VITORIA ANTE O SUBCAMPIÓN DO GRUPO SUR cun gran dominio no rebote ofensivo e impoñéndose no xogo de cinco para cinco. Peleteiro, en Santiago, próximo rival

6 DO NADAL	ENSINO
53	65
Xogador	PTS.
Rodríguez	Samuel
Sirvent	Durán
Falide	Garabito
Vázquez	Ruano
Tresandi	Martinez
Enriquez	Carreira
Martin	Juan Bao
Cepeda	Alex Bao
Justel	Joel
Champeme	Seny
Romero	Tchunza

O Ensino empezou a gañar o partido ante Seis do Nadal en Vigo ao longo da semana con boas sesións de adestramento por parte dos de Adrián González, asinando deste xeito un gran debut na segunda fase ao sumar unha importante vitoria a nivel clasificatorio pero tamén anímico.

O dominio no rebote ofensivo propiciou un goteo constante de puntos e segundas opcións de tiro

"GRAN ESFUERZO SEMANAL Y BUEN PARTIDO DE TODO EL EQUIPO PARA EMPEZAR CON VICTORIA LA SEGUNDA FASE" ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

coas que Ensino tomou o mando no marcador desde os primeiros minutos cun parcial inicial de 17-20.

A defensa lucense deu un paso á fronte no segundo cuarto, no que evitou as transicións de Seis do Nadal á vez que continuou dominando o rebote en ambas pinturas para saír ao contragolpe e ter segundas opcións de tiro para chegar ao descanso con 29-37 no electrónico.

Seis do Nadal tivo unha posta en escena moi intensa na segunda parte para intentar meterse de novo na loita polo partido canto antes e conseguiu recortar distancias, pero Ensino non lle perdeu a cara ao partido, igualou forzas e chegou con máis

5 aos últimos dez minutos.

Seis do Nadal non se rendeu e buscou a remontada, pero Ensino nunca perdeu a calma e mantivo baixo control ao subcampión do grupo sur na súa pista no primeiro encontro dunha segunda fase que se presenta emocionante e sen teito para os de Adrián González.

2

PRIMEIROS PARTIDOS a domicilio. Ensino que debutou na segunda fase en Vigo ante Seis do Nadal, xogará a próxima xornada ante Peleteiro en Santiago. O primeiro encontro en Lugo será na terceira xornada do derbi ante Estudiantes



Samuel coa pelota nun encontro disputado no Anexo

Nova mostra de compromiso de seis guerreiros

O RÍA RIBADEO

impúxose en Tui no primeiro encontro da segunda fase

CB TUI		CB RIBADEO	
68		81	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Gómez		Iker	36
Rodríguez		Anxo	6
Carballo		Cristian	3
Sánchez		Dario	4
Pineiro		Dani	12
Montero		Manu	20
Sampil			
Castro			
Cela			

"FANTÁSTICO PARTIDO DE UN GRUPO DE JUGADORES COMPROMETIDOS QUE CUANDO LAS COSAS SE PUSIERON APRETADAS DIERON LO MEJOR DE SI"

SAMA - CB Ribadeo

O Ría de Ribadeo debutou na segunda fase con vitoria. Os mariñoas fixérono tras percorrer Galicia con seis guerreiros. Iker, Anxo, Cristian, Dario, Dani e Manu, os seis xogadores cos que puido contar Sama e que deron unha exhibición de baloncesto.

Conscientes da súa limitación de efectivos, dosificaron as forzas en todo momento e administraron a perfección a carga de faltas persoais.

A longa viaxe tampouco foi unha excusa, xa que a posta en escena foi brillante, con alternancia de puntos desde o exterior e o xogo interior para chegarse ao descanso cun cómodo 25-40 no marcador.

Tralo intermedio chegou a lesión de Cristian, e Tui, cun gran acerto no tiro exterior empatou o encontro tras anotar seis triplós.

Con só cinco xogadores dispoñibles e con empate a 47-47 cun cuarto enteiro por diante, os normal sería baixar os brazos e campear da mellor forma posible a que se lle viña encima a Ribadeo. Con todo, este equipo volveu demostrar que está feito doutra pasta.

Mantivo sen expulsións aos cinco xogadores en pista, sen descanso e dando unha exhibición de baloncesto en ataque xa que en pouco máis de 8 minutos mandaban de novo no marcador por 20 puntos de diferenza co momentáneo 61-81 para rematar gañando o partido con suficiencia.

Bosco mostrou o nivel que terá a segunda fase

O CAFÉS CANDELAS ENSINO, pese a realizar un bo traballo, caeu ante un rival que tan só perdera esta tempada co Celta de Vigo. Vilagarcía, próxima parada



Paula Hoguelos a piques de adentrarse na pintura

Bosco puxo o listón de exigencia moi alto no primeiro encontro da segunda fase. Un partido no que Ensino, pese á derrota, deixou boas sensacións durante moitas fases do encontro.

Certo é que as visitantes tiveron unha mellor posta en escena, exhibindo potencial no Anexo, pero co paso dos minutos Ensino igualou forzas en pista e no marca-

dor, pechando o primeiro cuarto con 13-14.

No segundo, a falta de acerto no tiro e o dominio no rebote visitante propiciaron o 19-27 co que se chegou ao descanso.

Lonxe de baixar os brazos, Ensino loitou por cada balón nun terceiro cuarto no que o encontro volveuse un pouco tolo, con moitas idas e voltas pero con pouco acerto na finalización por parte de ambos conxuntos.

ENSINO		SALESIANOS	
42		64	
Xogadora	PTS	Xogadora	PTS
Silvia		Bosco	
Eva	9	Losada	
Paula	23	Alonso	
Lorena		Sotelo	
Carla		Pereira	
Emma	6	González	
Sabela		Pérez	
Sara		López	
Leyre	1	Sotelo	
Carolina		Dias	
Carla		Dominguez	
Lucía	3		

"PESE AL RESULTADO FINAL, SOMOS CAPACES DE COMPETIR CONTRA CUALQUIER EQUIPO. MUY ORGULLOSOS DEL TRABAJO DE LAS CHICAS"

DAVID MARTÍNEZ / AIGOR ROMO - Ensino

Bosco empezou o último cuarto con máis 9 e sentenciou o partido nos primeiros minutos do último parcial con moitísimo acerto en accións ben defendidas.



Eva Pardo trata de lanzar presionada por unha rival



David Martínez falando con Sabela e Carolina

Estudiantes porá a proba a imbatibilidade do Celta de Vigo

O CONXUNTO VIGUÉS VISITA LUGO NA PRÓXIMA XORNADA cunha carta de presentación de 15 vitorias nos 15 encontros disputados esta tempada na Liga Galega

PBB A		ESTUDIANTES	
61		67	
Xogadora	PTS	Xogadora	PTS
Carpos		Lian	
Pérez		Iria	
Vaqueiro		Celia	
Alonso		Candela	
Pregal		Enma	
Rodríguez		Maria	
Rodríguez		Marta F.	
Russel		Claudia	
Amado		Laura	
Balinas		Carla	
		Marta R.	

Vitoria de moito mérito a conseguida por Estudiantes no primeiro encontro da segunda fase, no que as lucenses desprazáronse a Porriño para medirse a un rival que vai de menos a máis ao longo da tempada.

Con todo, as locais, pese a vender cara a derrota, claudicaron ante a solvencia celeste, dando Estudiantes solucións a todos os contratempos que tivo ao longo do encontro.

De inicio as sensacións eran mellores do que

"ENHORABUENA POR SER CAPACES DE SER DURAS MENTALMENTE Y POR INTENTARLO SIEMPRE, INDEPENDIENTEMENTE DE LAS CIRCUNSTANCIAS DEL PARTIDO" FERNÁN VARELA - Estudiantes

indicaba o marcador, cun primeiro parcial de 13-11 propiciado polas baixas porcentaxes de acerto na finalización, mentres que no segundo cuarto o cinco para cinco en media pista xerou problemas a Estudiantes.

Porriño intentou irse no marcador cun bo parcial ao comezo do segundo cuarto, pero as lucenses reaccionaron con firmeza e tras un par de axustes sufriron menos en defensa e dominaron o rebote para volver igualar forzas en pista e en marcador co 26-26 co que se chegou ao descanso.

Na segunda parte Estudiantes fixo un xogo máis efectivo que vistoso, sobre todo desde que colleron

unha vantaxe que oscilou entre os 8 e os 10 puntos. A partir de aí as lucenses xogaron a perfección coa vantaxe no marcador e malia que Porriño buscou a remontada, especialmente no tramo final, a vitoria celeste nunca estivo en risco tras un último parcial de 17-23 a favor do Estudiantes.

15

PARTIDOS disputou o Celta de Vigo esta tempada e 15 vitorias asinaron. 14 na Primeira fase, na que remataron primeiras e invictas no Grupo Sur, mentres que no debut na segunda fase impuxéronse con autoridade a Maristas Coruña. 85-37



A celeste Celia a piques de finalizar unha bandexa

O Academia A Mariña Burela estará na segunda fase

O CONXUNTO QUE DIRIXEN NACHO MOTA E JUANMA LÓPEZ nunca deixou de crer e tras cumprir coa súa parte, a de impoñerse a BBKA por máis de 5 puntos, o resto de resultados tamén acompañaron

CB BURELA		BBKA	
69		60	
Xogadora	PTS	Xogadora	PTS
Henar	21	Prieto	
Sara	19	Avarez	
Zaida		Villar	
Emma	14	Cotavad	
Candela	4	Cora	
Lucía	1	Horjales	
Cecilia	10	Cabeza	
Sabela		Fernández	
Paula		Poi	

O lema "nunca deixes de crer" pode ser patentado polo Academia A Mariña da Liga Galega infantil esta tempada. Un Burela que deu o salto á máxima categoría este curso tras pasar en Vista Alegre o verán adestrando para a fase de ascenso.

O premio non se quedou en só xogar na máxima categoría infantil feminina, foi máis aló e agora as mariñas citanse cos oito mellores equipos galegos na Segunda fase.

A clasificación máis que

"FELICIDADES A TODO EL EQUIPO POR ESTA GRAN VICTORIA ANTE UN RIVAL TAN COMPLICADO Y ENHORABUENA A TODAS POR LA CLASIFICACIÓN"

NACHO MOTA E JUANMA LÓPEZ - Academia A Mariña Burela

un premio é unha recompensa. Burela competiu en todas as pistas e ante todos os rivais, chegando á última xornada con opcións pero sen depender de si mesmas. Na súa man estaba gañar e facelo por máis de 5 puntos ante BBKA, e fíxérono, 69-60. O resto tiñan que poñer Vilagarcía gañando os seus dous encontros.

Ao final, Burela pasa como cuarto clasificado á exclusiva segunda fase na que estarán os oito mellores equipos de Galicia infantil femininos e un deles é o Academia A Mariña Burela.

Para selar o pase o principal era impoñerse a BBKA e por máis de 5 puntos. O partido foi de poder a poder desde o primeiro ao último minuto, con catro cuartos practicamente iguais.

Os dous equipos, con potencial e xogo similares, empezaron con intercambio de golpes para pechar o primeiro parcial con 18-18 no marcador, mentres que no segundo cuarto Burela conseguiu os cinco puntos de renda que lle facían falta, 37-32.

Gañando a segunda parte por un punto Burela estaría na segunda fase e ao último cuarto chegouse con máis sete tralo 17-15 do terceiro parcial, de novo disputado de poder a poder.

Dez minutos por diante nos que Burela e BBKA deron un recital de baloncesto nos primeiros cinco minutos con intercambio de canastras, mentres que nos últimos cinco de xogo a presión fixo acto de presenza ata que un tiro libre

8

EQUIPOS NA SEGUNDA FASE

Rosalía, Vilagarcía, Estudiantes, Burela, Celta, Colegio Mariano, Carmelitas e Allariz

2

GRUPOS DE 4 EQUIPOS

Burela terá como compañeiros de grupo a Celta de Vigo, Carmelitas e Vilagarcía.

2

REFORZOS Emma, do Ensino, e Candela do Viveiro axudaron á clasificación do Burela

anotado por Sara deixou a vantaxe en 9 puntos a falta dunha posesión na que BBKA aínda que anotase o tripla que fallou, quedaríase a seis puntos.



A mariña Sara a piques de finalizar unha entrada

Maristas exprimiu a Obradoiro

31-30 AO DESCANSO ante o campión invicto da primeira fase

MARISTAS		OBRADOIRO	
49		61	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Mauro		Romero	
Néstor	4	Aldrey	
Miguel	2	Vilarino	
David		Vilaso	
Samuel		Rivas	
Gabriel	4	Castro	
Alexis		Viqueira	
Jorge	8	Franco	
Julían	29	Saavedra	
Yishak		Pérez	
Carlos	2	Freire	

Maristas obrigou a Obradoiro, campión invicto do Grupo Norte da primeira fase da Liga Galega infantil masculina, a dar a súa mellor versión para manter o pleno de vitorias.

Os de Rubén Engroba chegaron, por sétima vez nos 14 partidos disputados ata a data, por diante no marcador ao descanso, nesta ocasión 31-30 tras dispoñer de vantaxes que roldaban os 10 puntos no segundo cuarto.

Antes, o partido empezara con dominio compostelán, con Maristas sen estar cómodo en pista, polo que Rubén Engroba recompuxo o equipo sobre a marcha e, tras pechar o primeiro par-

"SE COMPROBÓ QUE SOMOS CAPACES DE COMPETIR ANTE CUALQUIER RIVAL DE ESTA COMPETICIÓN" RUBÉN ENGROBA - Maristas Lugo



Néstor coa pelota nunha xogada ao contragolpe



Miguel trata de superar a presión dun xogador rival

cial con 10-14, Julián púxose o traxe de MVP para darlle a volta ao marcador con 19 puntos en 8 minutos nos que Maristas dominou a

Obradoiro. Xa na segunda parte os composteláns tiveron máis fondo de armario e exhibiron a súa condición de invictos no Anexo

Estudiantes xa ten novos compañeiros

OBRADOIRO, PELETEIRO E BLANCO AMOR, rivais na segunda fase

ESTUDIANTES		CULLEREDO	
65		37	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Brais	18	Golpe	
Mateo		Via	
Isma		Gómez	
Pi	8	Santiso	
Dani		Moretti	
Pablo		Hernández	
Leo	6	Alonso A.	
Bernal		Alonso B.	
Rozas	3	Horjales	
Serguei	26	Blanco	
Mario	4	Martínez	

"GRAN VICTORIA DEL EQUIPO QUE SE FRAGUÓ EN LA DEFENSA Y EL TRABAJO COLECTIVO"

NICO FDEZ. - Estudiantes

Estudiantes xa coñece aos seus novos compañeiros de viaxe. Os de Nico Fernández pasaron á segunda fase como terceiros do Grupo Norte, polo que se volverán ver as caras con Obradoiro mentres que os outros dous inquilinos do grupo serán Peleteiro e Blanco Amor. Destes catro o campión pasa directo á final four, o segundo e terceiro a unha eliminatoria e o cuarto queda fóra da loita polo título Galego infantil masculino.



Pablo buscando a un compañeiro nun contraataque



Bernal gañando a liña de fondo nun ataque celeste

Ante Culleredo, Estudiantes afinou a súa posta a punto cunha intensa defensa desde os primeiros minutos que propiciou as primeiras vantaxes no marcador, 13-2. A partir de aí os lucenses levaron sem-

pre o mando no partido con boa aportación de todos os xogadores para presentarse na segunda fase con moi boas sensacións e coa intención de ter moito que dicir na loita polo título Galego infantil masculino.

Celtas mandou unha declaración de intencións

OS DE ARMANADO acceden á segunda fase tras impoñerse no último encontro da primeira ao campión do Norte, Ferrol



Álvaro co balón nun encontro disputado no Anexo

CELTAS FOZ		B. FERROL	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Nacho		Barreiro	
Álvaro	19	Díaz	
Alonso		Bellón	
Chris	2	Toimil	
Nico	7	Miramón	
Dario	5	Cernadas	
Lucas	18	Gómez	
Esteban		Rodríguez	
Javi	10	Romero	
		Niebla	

Celtas pechou a primeira fase ao grande tras impoñerse a un Basket Ferrol que terminou como campión do Grupo Norte, mandando unha mensaxe clara aos seus rivais de que, pese a ser debutantes, non irán de paseo á segunda fase na que se atopan os oito mellores equipos preinfantis masculinos de Galicia.

Os mariñoos estiveron a un gran nivel desde os primeiros minutos, nos que tomaron as rendas do marcador cun parcial inicial

"MINIMIZAMOS ERRORES PARA PODER GANARLE AL MEJOR EQUIPO DE ESTA LIGA"

ARMANDO - Celtas de Foz

de 19-12.

Co paso dos minutos Celtas mantivo o listón defensivo, asinando posiblemente o mellor encontro da tempada en defensa ante o mellor equipo da competición, levando grazas a iso a iniciativa ao longo do partido no marcador con parciais de 14-16, 19-11 e 9-14.

2

GRUPOS DE 4 EQUIPOS na Segunda fase, Celtas terá como compañeiros de viaxe a Basket Ferrol, Obradoiro e Estudiantes Pontevedra. O primeiro pasa directo á final four, segundo e terceiro xogan unha eliminatoria e o cuarto queda eliminado da loita polo galego preinfantil

Burela confirmou a súa presenza na segunda fase

PASE O QUE PASE NA ÚLTIMA XORNADA o conxunto mariño rematará terceiro de grupo

CB BURELA		LOS ROSALES	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Henar	26	González	
Candela	14	Buján	
Laura	14	Peteira	
Marta	6	Lema	
Sara	4	Ibáñez	
Laura	2	Lorenzo	
Sabela	2	Lozano	
Nerea	2	Ria	
Irea		Sánchez	
Aroa		Moras	

"FELICITO A TODO EL EQUIPO POR LA MUY BUENA PRIMERA FASE QUE DISPUTÓ EN ESTA COMPETICIÓN"

MADAR - CB Burela sen historia.

Ou conxunto que dirixe Madar, a falta dunha xornada, é matematicamente o terceiro clasificado do Grupo Norte, un posto no que se manterá pase ou que pase na última cita. A partir de aí, Burela coñecerá aos seus rivais na segunda fase, á que acceden os oito mellores equipos preinfantil feminino de Galicia.



Carlos Madar dando instrucións ás súas xogadoras

A defensa zonal de Tirso de Molina volveu ser determinante

ESTUDIANTES chegou a un punto de diferenza ao último parcial

ESTUDIANTES		T. MOLINA	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Rubén		Fernández	
Uxio		Aguirre	
Bosco		Blanco	
Pablo		Cárner	
Diego		Fernán	
Martin		Gómez	
Lucas		Iglesias	
Manu		Rodríguez	
Varela		Taboada	
Samu			

Estudiantes sufriu os sistemas de xogo de Tirso de Molina que tanta sorpresa crearon nas primeiras xornadas a todos os equipos. Os bloqueos directos e indirectos que xogan en ataque, e sobre todo as defensas zonais que imprimen marcas todos os seus encontros.

Estudiantes empezou ben e mantívose en partido durante a primeira media hora, chegando ao descanso 40-43 e tan só un punto abaixo aos últimos dez minutos nos que, pese a mover ben o balón e atopar tiros liberados, as porcentaxes de acerto foron baixas.

"SI NO ERES CONSTANTE LOS CUARENTA MINUTOS, EN SOLO DOS TE GANAN UN ENCUENTRO" PABLO RODRÍGUEZ - Estudiantes



Lucas na pintura nun dous para un ante Pablo



Pablo a piques de lanzar ante un xogador rival

Estudiantes morreu na beira tras remar contracorrente

COSTA ÁRTABRA pasará coma primeiro do Grupo Norte

ESTUDIANTES		C. ÁRTABRA	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Nerea		Porto	
Lucía		Lorenzo	
Eva		Cumbrão	
Valle		Baldomero	
Lola		Baena	
Daniela		Gómez	
Alma		Pérez	
Clara		Vigo	
Iria		Carvajal	
		Couce	
		González	
		Antón	

Costa Ártabra impuxose no Anexo a Estudiantes e accederá á segunda fase como primeiro do Grupo Norte, mentres que as lucenses farano como segundas coas espadas en todo o alto para loitar polo título Galego.

O duelo que mediu aos dous primeiros desta fase estivo marcado pola posta en escena, cun parcial de 4-15 co que Estudiantes tivo que remar contracorrente o resto do encontro.

As lucenses igualaron forzas no segundo parcial, 18-20, e deron un

"NECESITAMOS ESTAR CONCENTRADAS DURANTE LOS CUARENTA MINUTOS" ZAIDA IGLESIAS - Estudiantes



A celeste Alma nunha acción de ataque de Estudiantes



Daniela a piques de finalizar unha entrada a canastra

gran paso á fronte na segunda parte, chegando a poñerse a un só punto de cara aos últimos

minutos nos que loitaron pola vitoria ata o final pese a morrer na beira da remontada.

